

Hoxe 21 de febreiro remata o prazo de revisión do Censo Inicial.

Vigo, 21 de febreiro de 2026.

Lembramos a todos os estamentos que hoxe 21 de febreiro de 2026 remata o prazo para revisar o censo inicial para o proceso electoral da Federación Galega de Balonmán do ano 2026. Calquera modificación deberá ser enviada antes do luns a administracion@fgbalonman.com.

Link para a consulta do censo e da información electoral:

<https://fgbalonman.es/elecciones-2026/>

Importante

- **CLUBS:** Os clubs que se atopen participando da tempada 25/26 e o fixeran nas dúas anteriores, deberán comprobar que están no censo e que o/a representante que figura no censo é o correcto. A persoa representante será a única que poida votar nas eleccións á Asemblea Xeral, se algún club quere cambiar ao seu representante, deberá enviar un mail a administracion@fgbalonman.com antes do luns, e o novo representante deberá formar parte da xunta directiva que figura no rexistro da Xunta de Galicia.
- **DEPORTISTAS, ADESTRADOES/AS E COLECTIVO ARBITRAL:** Se están federados/as na tempada 25/26, e o fixeron tamén nas dúas anteriores, deberán comprobar que se atopan no censo. No caso de que aparezan en máis dun censo porque pertencen a dous estamentos, ou no caso de que aparezan duplicados/as nalgún censo (por participar en pista e praia), deberán enviar un mail a administracion@fgbalonman.com antes do luns e confirmar o censo no que queren permanecer; de non ser así, eliminaranse os duplicados por parte da xunta directiva da federación, conforme ao Decreto 16/2018 que regula os procesos electorais das diferentes federacións autonómicas.

Para máis información:



www.fgbalonman.es



administracion@fgbalonman.com